

Bos días familias, hoxe propoñemos unha serie de xogos para traballar a coordinación e pasar un bo rato.

Xogo 1 "Canasta"

Tumbados boca arriba no chan collemos unha pelota ou obxecto cos pés e, levantando as pernas, intentamos encestar nunha papeleira ou recipiente que teremos detrás da cabeza.



Xogo 2 "Pasamos o globo"

Facemos unha fila no chan tumbados boca arriba coas pernas abertas, polo que a nosa cabeza queda apoiada entre as pernas do nos@ compañeir@. @ últim@ da fila colle coas pernas un globo ou obxecto e, levantando as pernas, pásallo ao seu compañeir@ de detrás. Repetimos ata chegar ao primeiro da fila.



Xogo 3 "Equilibrios"

Collemos un prato de cartón ou plástico e facemos un burato redondo acudándonos dun tapón. Pola parte de atrás pegamos un depresor, palliña ou outro obxecto que nos permita agarrar o prato.

Poñemos unha pelota, bola de papel ou algo redondo e, xirando o prato, intentamos que caiga polo burato.

<https://www.instagram.com/p/Bt5WWP6gFms/?igshid=1ebdm9t204q2z>